



ARACELI C. PÉREZ MORÁN, SECRETARIA ACCIDENTAL DO ILTMO. CONCELLO DE BUEU (PONTEVEDRA)

CERTIFICO:

Que pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada con data 14.08.14, adoptouse entre outros o seguinte acordo, que transcribo dun xeito literal

B) CONTRATACIÓN

2. ADXUDICACIÓN CONTRATO ACORDO MARCO PARA DETERMINACIÓN DAS CONDICIÓN XERAIS E ESPECÍFICAS QUE REXERÁ A ADQUISICIÓN DE ROUPA DE TRABALLO E EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL DE SERVIZOS MUNICIPAIS DE LIMPEZA VIARIA, ALUMEADO PÚBLICO E VÍAS PÚBLICAS E UNIFORMES POLICÍA LOCAL

Mediante providencia da Alcaldía incoouse o procedemento para a celebración dun Acordo Marco (AM) cun único empresario, para a determinación das condicións xerais e específicas que rexerá na adquisición de roupa de traballo para a Policía Local, roupa de traballo e equipos de protección individual (EPIS) de servizos municipais de limpeza viaria, alumeado público e vías públicas.

En canto o Concello está obrigado a dotar ós traballadores municipais adscritos a estes servizos dos medios necesarios para o desempeño das úas funcións e competencias, de acordo coa lexislación vixente en materia de prevención de riscos laborais, e demais normativa de aplicación.

O expediente de contratación, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas foron aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o 23.05.14, que foron informados favorablemente pola Secretaria xeral do Concello o e fiscalizados de conformidade pola Intervención municipal, con datas 15.11.13 e 20.05.14, respectivamente.

Rematado o prazo de presentación de proposicións e, revisados os asentos do rexistro xeral dende o 14.06.14 ó 28.06.14, ambos inclusive, concorren as seguintes empresas según queda acreditado no informe da empregada municipal encargada do rexistro xeral do concello de data 01.07.14 relativo ás empresas que formularon proposicións para participar no procedemento aberto, que de seguido se relacionan:

Identidade	Num. Rexistro	Data:
PEYCAR PONTEVEDRA S.L. B36112043 AVDA. VIGO, 94 PONTEVEDRA	4708	27/06/2014
COMPLEMENTOS POLICIALES S.L. B36569069 AVDA. DE SANTIAGO 71 B A ESTRADA PONTEVEDRA	4753	30/06/2014

A mesa de contratación deste acordo marco, en sesión celebrada con data 02.07.14 unha vez calificada a documentación contida nos sobres A polos licitadores que concorren no procedemento de contratación, determina que as empresas se axustan ós criterios de selección fixados no PCAP, co seguinte pronunciamento expreso sobre os admitidos á licitación, en canto non hai ningún rexeitado neste procedemento, co seguinte resultado:



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA

RÚA EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)

SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099

CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Identidade	Resultado da fase previa de admisión
PEYCAR PONTEVEDRA S.L. B36112043 AVDA. VIGO, 94 PONTEVEDRA	ADMITIDO por considerar que a documentación aportada no sobre A permite determinar que se axusta aos criterios de selección fixados no PCAP
COMPLEMENTOS POLICIALES S.L. B36569069 AVDA. DE SANTIAGO 71 B A ESTRADA PONTEVEDRA	ADMITIDO por considerar que a documentación aportada no sobre A permite determinar que se axusta aos criterios de selección fixados no PCAP

A Mesa de contratación en sesión celebrada con data 04.07.14, en relación a dito procedemento, en acto público, procede a dar conta dos licitadores admitidos á licitación e a apertura dos sobres B "Oferta Económica".

Asemade en acto non público procede á valoración das ofertas económicas presentadas

Co seguinte resultado:

Identidade	Lote ao que concorre	Porcentaxe de baixa sobre os prezos unitarios (Cláusula 2ª PPT)	Reducción do prazo de entrega
PEYCAR PONTEVEDRA S.L. B36112043	LOTE 2 Vestuario/roupa de traballo/Equipos de protección individual (EPIS) para outros departamentos municipais (limpeza viaria, alumeadado público e vías públicas)	3%	4 DÍAS ao ofertar un prazo de entrega de 2 días hábiles sobre o máximo previsto nos PCAP e PPT de 6 días hábiles
COMPLEMENTOS POLICIALES S.L. B36569069	LOTE 1 Uniformidade para a Policía Local	25%	Non oferta redución no prazo de entrega previsto nos PCAP e PPT (*)

Considerando que,

(*) Para determinar se a oferta presentada por COMPLEMENTOS POLICIALES S.L., CIF B36569069, DE 25.6.2014, incluída no sobre B da súa proposición, se axusta á obriga contida na cláusula 24 dos PCAP e 7 dos PPT relativas ao prazo de entrega dos bens que resulten dos contratos derivados do acordo marco, a Mesa fai as seguintes consideracións:

1º.- O prazo que debe consignarse na oferta económica debe axustarse ao modelo que figura no anexo II.A dos PCAP que no seu aptdo. 3º permite sinalar as mellores condicións sobre prezos unitarios dos bens que formaran o catálogo de bens a suministrar e o prazo de entrega dos mesmos que o licitador oferta en base aos criterios de valoración de ofertas para a adxudicación de cada un dos lotes que figura na cláusula 14.2 dos PCAP.

Neste senso, a vista do prazo consignado na oferta de COMPLEMENTOS POLICIALES S.L, non pode considerarse que a mesma oferte unha mellora sobre o prazo máximo de entrega dos bens dos contratos derivados do AM.

2º.- Por outra banda, co obxecto de determinar se o prazo consignado por COMPLEMENTOS POLICIALES S.L no apartado 3º da súa oferta cumpre co prazo máximo do suministro da roupa previsto nos pregos reguladores, a mesa considera o seguinte:

- Que o licitador, seguindo o modelo que figura no anexo II.A dos PCAP, "Coñece e acepta de forma plena e sen condición algunha o prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación e que, xunto aos pregos técnicos, forman parte daquel, aceptando integramente os termos, cláusulas e obrigas contidos nos documentos



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA

RÚA EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

indicados, sen excepción, *entre as que se atopa o prazo máximo de 6 días hábiles para entregar os bens obxecto dos contratos derivados do acordo marco.*

- Que o prazo máximo de entrega previsto na cláusula 24 dos PCAP e 7 dos PPT vincula ao licitador que resulte adxudicatario en base á oferta presentada polo mesmo e según resulta da literalidade da cláusula 21 dos PCAP cando dispón que *“Os prazos máximos de execución dos contratos derivados do Acordo Marco serán os seguintes para cada lote: Lotes n.º 1 e n.º 2: Roupa de traballo: 6 días hábiles. En ámbolos dous casos o prazo contarase dende o momento en que se formule cada pedido, mediante fax ou correo electrónico nos termos sinalados na cláusula 21 do presente prego e no de prescricións técnicas. Non obstante, os licitadores poder ofertar un menor prazo de entrega, en cuxo caso quedarán vinculados polo prazo proposto na súa oferta.”*
- Que o licitador non oferta un menor prazo de entrega na súa oferta quedando vinculado polo prazo de 6 días hábiles consignado na cláusula 27 dos PCAP e 7 dos PPT.

Consonte o anterior a Mesa, por unanimidade do seus membros con dereito á voto acorda formular a seguinte proposta de contratación do Acordo Marco (AM), cun único empresario, para a determinación das condicións xerais e específicas que rexirá na adquisición da roupa de traballo para a Policía local, roupa de traballo e equipos de protección individual (EPIS) de servicios municipais de limpeza viaria, alumeadado público e vías públicas:

Lote	Licitador Proposto	% de Baixa s./ Prezos Unitarios	Prazo de Entrega
LOTE 1 Uniformidade para a Policía Local	COMPLEMENTOS POLICIALES S.L. B36569069 AVDA. DE SANTIAGO 71 B A ESTRADA PONTEVEDRA	25,00%	Según os PCAP/PPT
LOTE 2 Vestuario/roupa de traballo/Equipos de protección individual (EPIS) para outros departamentos municipais (limpeza viaria, alumeadado público e vías públicas)	PEYCAR PONTEVEDRA S.L. B36112043	3,00%	2 DÍAS HÁBILES

Polo que, a Xunta de Goberno Local, con data 04.07.14, por unanimidade dos seus membros, en aplicación do disposto nos arts. 6, 19.1.a) y 122.1.d), 109, 138 e 157 e seguintes do TRLCSP e no exercizo das atribucións en materia de contratación contida na Disposición adicional 2ª do citado texto, e as delegadas na Xunta de goberno local por resolución de alcaldía de 14.06.11 (BOP núm. 145 de 29.07.11) no exercizo das atribucións delegadas na Xunta de Goberno local por resolución de alcaldía de 14.06.11 (BOP núm. 145 de 29.07.11).

RESOLVE:

1º.- REQUERIR á Entidade Mercantil

COMPLEMENTOS POLICIALES S.L.
B36569069
AVDA. DE SANTIAGO 71 B
A ESTRADA
PONTEVEDRA



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA

RÚA EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

En canto licitador proposto de adxudicación do lote 1 “Uniformidade para a Policía Local”, para que dentro do prazo de 10 días hábiles contados dende o seguinte a aquél en que tivera recibido o requerimento, presente a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos á adxudicación do contrato, referidos na cláusula 18 do PCAP, de conformidade co disposto no artigo 47 do TRLCSP (modificado por Lei 14/2013 de 27 de Setembro de apoio ó emprendedor).

No suposto de non cumprimentarse adecuadamente o requerimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedendo, en canto non existen outros licitadores en que poidese recaer a adxudicación do contrato, a levar a cabo os trámites establecidos no TRLCSP, para declarar deserto este procedemento, (Lote 1)

2º REQUERIR á Entidade Mercantil

PEYCAR PONTEVEDRA S.L.
B36112043

En canto licitador proposto de adxudicación do lote “Vestuario/roupa de traballo/Equipos de protección individual (EPIS) para outros departamentos municipais (limpeza viaria, alumado público e vías públicas)”, para que dentro do prazo de 10 días hábiles contados dende o seguinte a aquél en que tivera recibido o requerimento, presente a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos á adxudicación do contrato, referidos na cláusula 18 do PCAP, de conformidade co disposto no artigo 47 do TRLCSP (modificado por Lei 14/2013 de 27 de Setembro de apoio ó emprendedor).

No suposto de non cumprimentarse adecuadamente o requerimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedendo, en canto non existen outros licitadores en que poidese recaer a adxudicación do contrato, a levar a cabo os trámites establecidos no TRLCSP, para declarar deserto este procedemento, (Lote 2)

Considerando que con data COMPLEMENTOS POLICIALES S.L, con CIF B36569069 e moradía social na Avenida de Santiago num. 71 B da Estrada (Pontevedra, con data 04.08.14 (RE 5568) presenta a documentación requerida, atopándose conforme.

Considerando que con data 31.07.14 (RE 5463), PEYCAR PONTEVEDRA S.L. Con CIF B36112043, presenta a documentación requerida, atopándose conforme.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros, en aplicación do disposto nos arts. 6, 19.1.a) y 122.1.d), 109, 138 e 157 e seguintes do TRLCSP e no exercizo das atribucións en materia de contratación contida na Disposición adicional 2ª do citado texto, e as delegadas na Xunta de goberno local por resolución de alcaldía de 14.06.11 (BOP núm. 145 de 29.07.11),

Por unanimidade dos seus membros presentes, RESOLVE:

1. ADXUDICAR A COMPLEMENTOS POLICIALES S.L, con CIF B36569069 e moradía social na Avenida de Santiago num. 71 B da Estrada (Pontevedra), o contrato administrativo **“Acordo Marco (AM) cun único empresario para a determinación das condicións xerais e específicas que rexerá na adquisición de roupa de traballo e equipos de protección individual (Epis), de Servizos Municipais de limpeza viaria, Alumado Público e Vías Públicas (Lote 1) ”**, con Ref. Expediente C35/14, en canto resulta ser a empresa que presenta a oferta máis ventaxosa de acordo cos criterios de adxudicacións nos termos sinalados nos PCAP, polo importe seguinte:

Lote	Licitador Proposto	% de Baixa s./ Prezos Unitarios	Prazo de Entrega
LOTE 1 Uniformidade para a	COMPLEMENTOS POLICIALES S.L.	25,00%	Según os PCAP/PPT



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA

RÚA EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)

SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099

CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Policía Local	B36569069 AVDA. DE SANTIAGO 71 B A ESTRADA PONTEVEDRA		
---------------	---	--	--

2. ADXUDICAR A PEYCAR PONTEVEDRA S.L, con CIF B36112043 e moradía social na Avenida de Vigo num. 94 baixo de Pontevedra, o contrato administrativo **“Acordo Marco (AM) con único empresario para a determinación das condicións xerais e específicas que rexerá na adquisición de roupa de traballo e equipos de protección individual (Epis), de Servizos Municipais de limpeza viaria, Alumeado Público e Vías Públicas (Lote 2) ”**, con Ref. Expediente C35/14, en canto resulta ser a empresa que presenta a oferta máis ventaxosa de acordo cos criterios de adxudicacións nos termos sinalados nos PCAP, polo importe seguinte:

LOTE 2 Vestuario/roupa de traballo/Equipos de protección individual (EPIS) para outros departamentos municipais (limpeza viaria, alumeado público e vías públicas)	PEYCAR PONTEVEDRA S.L. B36112043	3,00%	2 DÍAS HÁBILES
---	---	-------	-------------------

Os adxudicatarios quedan obrigados ós cumprimentos das obrigas derivadas das súas proposicións (sobre B, RE 4753 de 30.06.14 e 4708 de 27.06.14 respectivamente), as procedimentais sinaladas nos PCAP e as relativas á execución do contrato nos termos previstos nos citados PCAP e nas PPT contidas do expediente de contratación aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local o 23.05.14 e particularmente as seguintes:

Consonte a cláusula 19.2 do PCAP, O acordo marco deberá formalizarse en documento administrativo que se axuste con exactitude as condicións da licitación, constituíndo o dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos. En ningún caso poderanse incluír no documento en que se formalice o contrato, cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación.

A formalización do acordo marco deberá efectuarse non máis tarde dos 15 días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos na forma prevista no art. 151.4-TRLCSP. Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizase o acordo marco dentro do prazo indicado, a administración poderá acordar a súa resolución.

Non poderá iniciarse a execución do acordo marco sen a súa previa formalización, excepto nos casos previstos no artigo 113-TRLCSP.

Os bens adxudicados constituirán o Catálogo de bens obxecto do acordo marco para a súa adquisición polos diferentes departamento e/ou áreas de gasto que conforman o ámbito subxectivo do acordo marco e substituirá a cualquier outro que para o mesmo ámbito obxectivo e/ou subxectivo fora empregado para o subministro á administración municipal respecto da mesma clase de bens.



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA

RÚA EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)

SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099

CIF: P3600400 J. Rex. E.111

O novo catálogo entrará en vigor tras a formalización do acordo marco.

-En todo caso estarase ó cumprimento do disposto no PCAP e PPT

1º.- Declarar expresamente, en cumprimento do art. 151.4 do TRLCSP, a relación dos candidatos admitidos e excluídos da licitación e os seus motivos de exclusión nos termos resolto pola Mesa de contratación no senso sinalado na parte expositiva do presente acordo:

Identidade	Resultado da fase previa de admisión
PEYCAR PONTEVEDRA S.L. B36112043 AVDA. VIGO, 94 PONTEVEDRA	ADMITIDO por considerar que a documentación aportada no sobre A permite determinar que se axusta aos criterios de selección fixados no PCAP
COMPLEMENTOS POLICIALES S.L. B36569069 AVDA. DE SANTIAGO 71 B A ESTRADA PONTEVEDRA	ADMITIDO por considerar que a documentación aportada no sobre A permite determinar que se axusta aos criterios de selección fixados no PCAP

Excluídos: Ningún

- 2º.- Ordear a publicación do correspondente anuncio no perfil do contratante da web municipal e no taboleiro de anuncios do Concello de Bueu para xeral coñecemento.
- 3º.- Notificar a presente aos licitadores que concorreron no procedemento de contratación, á empresa que resultou adxudicataria e ao departamento de Intervención Municipal, para o seu coñecemento e ós efectos oportunos.

O que se certifica, coa salvedade do art.206 do RD 2568/1986, e co Visto e Prace do Alcalde-Presidente, en Bueu a vintésés de Agosto de dous mil catorce.

A SECRETARIA ACCIDENTAL,

Vº E PRACE, O ALCALDE,

Asdo. Araceli C. Pérez Morán

Asdo. Félix Juncal Novas